

BARROCO

OBRA: O AUGADOR DE SEVILLA

AUTOR: DIEGO DE SILVA Y VELÁZQUEZ

ESTILO: Barroco


CRONOLOXÍA: 1620

COMITENTE: Cóengo Juan de Fonseca

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: Wellington Museum (Londres)

MEDIDAS: 106 cm x 82 cm



VELÁZQUEZ

Velázquez foi o máis grande dos pintores barrocos españois e un dos artistas máis internacionais, xunto ao Greco, Goya ou Picasso, un xenio e mestre universal da pintura, que na súa época superou aos seus contemporáneos en técnica, composición, innovación, variedade e prestixio.

De familia portuguesa, nace en Sevilla, onde vive e traballa durante a primeira metade do S.XVII. Formouse como pintor no taller de Francisco Pacheco, do que aprendería moitos elementos teóricos e que se convertería ademais no seu sogro. Grazas a Pacheco e á influencia do Conde-Duque de Olivares, Velázquez chegaría a ser nomeado pintor do rei Felipe IV, tendo así a oportunidade de coñecer e estudar as coleccións reais e de facer dúas viaxes a Italia como encargo real, o que influíu na súa formación e evolución pictórica. Por outra banda, Velázquez foi un dos pintores máis influíntes da Historia, xa que sería admirado e recoñecido por Goya, os realistas e os impresionistas.

As principais características do estilo velazqueño son:

- A gran variedade temática, moi abundante, pintando mitoloxía, temas históricos, de xénero, paisaxes, retratos e cadros relixiosos.
- Gran sentido da realidade, representando case perfectamente as figuras e os obxectos, pero interpretando esa realidade cunha certa idealización, apartándose da mera imitación do naturalismo de Caravaggio.
- Guiábase polo bo gusto e pola elegancia, pintando ambientes cheos de sinxeleza, equilibrio e seriedade.
- Traballo minucioso detrás desa sinxeleza, concienzudo e detallista. Pintaba lentamente, era un artista minucioso e perfeccionista, con frecuentes retoques ou “arrepentimentos”, corrixindo obras xa rematadas para ser aínda máis perfectas.

- A súa técnica foi evolucionando. Nun principio empregaría unha pincelada fina, densa, pastosa, uniforme e lisa, de potentes volumes e calidades hiperrealistas, e tamén moi influenciadas polo tenebrismo, cambiando posteriormente a unha pincelada máis solta e fluída, desfeita, a base de grandes manchas independentes, vistas de preto, pero que se unen a certa distancia, como farían posteriormente os pintores impresionistas.
- As cores tamén foron evolucionando, xa que a súa paleta se foi aclarando progresivamente, desde os tons máis escuros das súas primeiras obras ata os grises e plateados do final.
- Un dos grandes descubrimentos de Velázquez foi o tratamento, a captación da atmosfera, do espazo. Foi quen de crear ambientes reais que envolven as súas figuras, un auténtico mestre da perspectiva aérea. Así, os obxectos vistos de lonxe sofren unha relativa deformación debida ás capas de aire que se interpoñen entre eles e o espectador. Velázquez decatouse de que a luz non só servía para iluminar os obxectos, dándolles sensación de volume, senón que tamén permitía ver esas capas de aire interpostas entre os obxectos, facendo que os contornos perdesen precisión.
- As súas composicións non posúen movemento, pero as súas figuras están habilmente dispostas para obrigarnos a contemplalas a “golpes de vista”, xerando tensión na súa observación. Ademais, como un pintor típico do Barroco, Velázquez sabía contrapoñer personaxes e situacións distintas para producir un dinamismo que suplise a inexistencia do movemento físico.

A obra de Velázquez evolucionou constantemente a través de varias etapas, pertencendo a presente obra á súa etapa inicial ou xuvenil, durante o período sevillano. *O augador de Sevilla* é unha das máis destacadas obras de xuventude de Velázquez, pintada nos últimos anos da súa estancia en Sevilla antes de trasladarse a Madrid. Na presente obra combina unha escena de xénero ou cotiá cun bodegón, con figuras que Velázquez practicou durante os seus anos de formación en Sevilla para adquirir por ese medio o completo dominio da imitación do natural, exemplo das pinturas de xénero que elaborara o pintor nos seus primeiros anos.

Os protagonistas do cadro son un ancián augador vestido cun capote pardo, baixo o que asoma unha camisa branca e limpa, e un mozo que recibe daquel unha copa de cristal fino chea de auga. O mozo, vestido de negro e con amplo colo branco, inclina a cabeza, nun escorzo semellante ao do mozo recadeiro de *A vella fritindo ovos*, para recoller a copa con xesto grave, sen cruzarse as olladas. Entre eles, case confundido nas sombras do fondo de cor terra escura, outro home de mediana idade bebe nunha especie de pequena xerra de louza. O brazo esquerdo do ancián proxéctase en escorzo cara fóra do cadro, apoiando a man nun cántaro grande de cerámica no que se debuxan as marcas do torno, cortado na súa parte inferior e sen apoio dentro do lenzo. Na superficie do cántaro rezuma o líquido e brillan algunhas pingas de auga, cun efecto hiperrealista. Ante el, sobre unha mesa ou banco, aparece outro recipiente de arxila, de menor tamaño, cuberto por unha taza de louza branca. Velázquez insiste no debuxo, a luz dirixida e creadora do forte modelado, e os aspectos táctiles dos obxectos con maior meticulosidade que noutras obras da súa primeira etapa, pero ademais recalca esa tanxibilidade coa rotura do marco, privando ao cántaro do primeiro termo de asento ou apoio, xa que este queda máis aló do espazo comprendido na tea e situado no espazo do espectador, cara ao que se proxecta a man do ancián.

O augador é, pese a súa aparente naturalidade e sinxeleza, o resultado final dun meticuloso estudo do debuxo e das posibilidades da pintura para recrear o natural por procedementos exclusivamente pictóricos. Velázquez pon o mesmo interese en representar os diversos tipos humanos (pola contraposición de idades) e a expresión das súas emocións, como en analizar as calidades táctiles dos obxectos, respondendo a un interese científico polos efectos da visión nos que a luz controlada desempeña un papel fundamental pola forma diversa de verse reflectida nos diferentes obxectos. Velázquez responde con solucións exclusivamente pictóricas (a mancha de auga que se desliza pola superficie de cerámica), como os escorzos ou a representación do volume mediante a luz (o *rilievo*), e independentes do seu significado, a problemas ópticos e psicolóxicos que foran postos de actualidade pola teoría italiana da arte, unido todo iso ao desexo

de emular as obras dos artistas clásicos que, segundo Plinio, acadaran un gran dominio da representación do natural servíndose de suxeitos populares.

En canto ao tema en sí e á súa interpretación, semella que o cadro tería como asunto un feito popular e cotián, o retrato dun augador, oficio común na Sevilla do S.XVII. Por outra banda, algúns expertos explican O augador como unha metafórica representación das tres idades, a modo de “cerimonia iniciática”, na que o ancián, a vellez, tende a copa do coñecemento ao mozo de nobre aspecto. Tamén ese rito de iniciación podería facer referencia ao amor, puidendo ser un símbolo sexual o figo debuxado no interior da copa que bebe o adolescente, ou, segundo outros estudosos, simplemente sería un elemento para perfumar a auga sen contidos sexuais.

CONCLUSIÓN

Fernando Marías interpreta a obra como representación das tres idades, correspondéndolle a cada unha unha actividade (o ancián, abstraído, medita; o home maduro actúa; e o mozo, coa ollada, pregunta). Ademais, esas tres figuras masculinas enlazarían conceptualmente cos tres obxectos que rivalizan con elas en protagonismo: o cántaro, a xerra vidrada e a copa de cristal, respondendo á luz conforme á súa materia (opaca, reflectante e transparente). Pola súa parte, Manuela Mena propón identificar o asunto do cadro como unha representación do filósofo ateniense Dióxenes o Cínico na súa faceta de pedagogo, interpretando así a cerimonia iniciática con relación a un asunto histórico concreto: a educación dos fillos de Xeníades, o que conviría a unha pintura destinada a un mestrescola neoestoico da época como sería Juan de Fonseca.